

Adega Vella, accésit na XXII Cata dos Viños Brancos Galegos en Bilbao

A 'Irmandade dos Centros Galegos en Euskadi' viña celebrando o Día de Galicia en Euskadi coa organización das Catas Concurso dos Viños Tintos e Brancos Galegos. Coa pandemia, o ano pasado suspendéronse estas actividades e este ano as circunstancias sanitarias permitiron a celebración dunha das catas. Así, o 18 de setembro celebrábase na **Casa de Galicia en Bilbao** a **XXII Cata dos Viños Brancos Galegos** que organizou este centro.

Participan deste concurso viños de todas as D.O. galegas e os viños da D.O. Ribeira Sacra adoitan facerse con recoñecementos, principalmente na cata do viños tintos. Nesta ocasión recibe accésit en brancos **1904 Adega Vella (Godello 2019)**. Os sumilleres que forman o xurado deste concurso destacaron o gran nivel dos viños presentados.

O taboadés, José David Fidalgo, promotor deste concurso, xunto con José Antonio Rodríguez, presidente da Casa de Galicia en Bilbao, acudían á Ribeira Sacra para **entregar o premio á representante de Adega Vella**.

Con estas cata-concurso, os centros galegos en Euskadi pretenden promocionar os produtos galegos e, en particular, os viños galegos. Para a súa celebración agrádese a colaboración das adegas participantes e dos diferentes Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe do Viño en Galicia.